

Lei 8/1989, do 15 de xuño, de delimitación e coordinación das competencias das deputacións provinciais de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 227, do 5.3.1988.

Emendas, BOPG núm. 239, do 7.4.1988.

Debate de totalidade, DSPG núm. 82, do 12.4.1988.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 330, do 28.12.1988.

Dictame da Comisión, BOPG núms. 367, do 17.4.1989, e 378, do 19.5.1989.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 367, do 17.4.1989.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núms. 126, do 24.5.1989, e 127, do 25.5.1989.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 388, do 8.6.1989.

Diario Oficial de Galicia núm. 128, do 5.7.1989.

Boletín Oficial del Estado núm. 258, do 27.10.1989.

Lei 8/1989, do 15 de xuño, de delimitación e coordinación das competencias das deputacións provinciais de Galicia

Polo Auto do Tribunal Constitucional 139/1998, do 16 de xuño, declarouse concluído por falta de obxecto o recurso de inconstitucionalidade núm. 1880/1989, interposto contra os artigos 2, 3, 6, 7 (nos seus apartados 2, 4, 5 e 6), 8, 9, 10, 13 (nos seus apartados 2 e 3), 14 e 15 e contra a disposición transitoria primeira, así como contra tódolos demais preceptos dela que incidan ou se atopen en conexión cos referidos (BOE núm. 155, do 30 de xuño de 1998).

Esta lei foi derogada pola Lei 5/1997, de Administración local de Galicia.

1

A definitiva consolidación do autogoberno de Galicia require remata-la súa andamiaxe institucional e efectua-lo desenvolvemento lexislativo de tódalas previsións normativas contidas no seu Estatuto de Autonomía, norma institucional básica da Comunidade Autónoma. Unha destas previsións, aínda sen desenvolver, é a da Disposición Adicional terceira, que establece, no seu número 1, que «a Xunta coordinará a actividade das Deputacións Provinciais de Galicia en canto afecte directamente ó interese xeral da Comunidade Autónoma, e para estes efectos uníranse os Presupostos que aquelas elaboren e aproben ó da Xunta de Galicia».

Esta coordinación das actividades dos entes provinciais supón en todo caso, dada a primacía do interese xeral de Galicia, non tan só a realización dun mandato estatutario senón tamén unha das

tarefas que de xeito máis urgente e prioritario impón a globalidade da acción pública no seo da Comunidade Autónoma. A unidade de sistema das Administracións Públicas e maila esixencia de eficacia, orgánica e financeira, nos procedementos e nos programas de acción, obrigan a prever fórmulas de coordinación que, sen mingua da garantía institucional sentada na Constitución Española, aseguren unha actuación das Deputacións Provinciais coonestada coa supremacía dos intereses xerais da Comunidade Autónoma Galega.

Igualmente, a presente Lei vén realiza-la delimitación das competencias das Deputacións Provinciais e da Comunidade Autónoma no marco da lexislación básica estatal sobre réxime local. A devandita delimitación clarexa a titularidade das competencias administrativas sobre os diferentes sectores da acción pública e senta as bases para un sistema

de relacións interadministrativas que, respetando o principio de autonomía das Deputacións Provinciais, garanta así mesmo a supremacía da Comunidade Autónoma.

A presente Lei contribúe así a homoxeneiza-la actuación administrativa das Administracións Provinciais e Autónoma, a consolidar maiores niveis de eficacia no tratamento dos grandes plans e os problemas reais do país, e a eliminar actuais disfuncións que, sobre todo na orde de coordinación dos investimentos públicos, constitúen eivas notorias no conxunto do aparello administrativo hoxe en día operante na nosa Comunidade Autónoma. Cómpre destacar, así mesmo, a decisiva aportación que esta normativa supón cara á globalización das accións das Administracións territoriais e da consolidación dunha concepción unitaria e harmónica do país galego.

2

A estrutura do Estado Autonómico deseñada na Constitución de 1978 supón a garantía de autonomía de tódalas Administracións Públicas territoriais, a solidariedade e mailo funcionamento coordinado de todas elas. No contexto das relacións entre Comunidades Autónomas e Deputacións Provinciais, é evidente a posición de supremacía da Comunidade Autónoma, segundo establecen o pro-

pio Estatuto e a xurisprudencia do Tribunal Constitucional. No Dereito Comparado a devandita posición de supremacía tense reflexado en varios Estatutos de Autonomía, abordándose no seu desenvolvemento normativo o establecemento das fórmulas de coordinación que a normativicen.

A supremacía da Comunidade Autónoma sobre as Deputacións Provinciais e maila constitucionalidade da coordinación da actividade destas nas materias de interese xeral autonómico veñen confirmadas así mesmo por abondosa xurisprudencia constitucional, da que cómpre salienta-las Sentencias 8/81, do 28 de xullo, 76/83, do 5 de agosto, e 27/87, do 27 de febreiro. O Alto Tribunal ten afirmado reiteradamente que a autonomía das Corporacións Locais é compatible coa existencia de controles concretos de legalidade por parte da Comunidade Autónoma sobre o exercicio das súas competencias cando incidan no interese xeral da Comunidade Autónoma.

3

O Título preliminar da presente Lei establece as disposicións de tipo xeral, especificando o seu obxecto —regula-las relacións entre a Comunidade Autónoma e as Deputacións Provinciais de Galicia— e fixando os principios ós que haberán de se disciplina-las devanditas relacións.

Os principios xerais rectores da delimitación de competencias aparecen recollidos no Título I. De acordo cos devanditos principios son competencias propias das Deputacións as establecidas como núcleo competencial mínimo polo artigo 36 da referida Lei 7/85 e mailas outras que lles veñan atribuídas pola lexislación sectorial, estatal ou autonómica. Do mesmo xeito a devandita lexislación sectorial regulará o correspondente traspaso de medios e servicios resultado das eventuais redistribucións competenciais que opere, traspaso que se ten que efectuar a través dunha Comisión Mixta paritaria que adoptará os seus acordos por unanimidade. De non se acadar esta, resolverá a arbitraje do Parlamento.

As fórmulas xerais de coordinación normativizaranse no Título II da presente Lei a través de dous mecanismos fundamentais: a fixación de directrices coordinadoras e maila unión presupostaria. No que atingue ás primeiras, deberán ser aprobadas por Decreto da Xunta de Galicia con base nas previsións que subministren as Deputacións Provinciais e constituirán instrumentos normativos de obrigado cumprimento para a Administración Autonómica e as Deputacións Provinciais. Respecto da unión presupostaria, arbitrase un procedemento concreto para garanti-lo cumprimento do disposto na Disposición Adicional terceira.1 do Estatuto de Auto-

nomía de Galicia, de xeito que a Xunta de Galicia poida instar a corrección dos proxectos de Presupostos provinciais no caso de que incumpran as directrices coordinadoras, sempre co obxectivo da coordinación do gasto público no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

Como medios de reacción da Xunta de Galicia no caso de eventuais incumprimentos das Deputacións Provinciais, configúranse as facultades de control recollidas no Título III da presente Lei. Estas son a facultade de impugnación xurisdiccional dos actos e dos acordos das Deputacións Provinciais, o requirimento á Deputación incumpridora e a subseguinte execución, a custa ou en substitución da mesma, das obrigas legais que eventualmente omitira e maila proposta ó Parlamento de suspender as subvencións ou asignacións presupostarias adicadas ó financiamento de actividades propias das Deputacións. Este elenco de medios de reacción establécese sen prexuício dos outros vieiros de control ós que houbese lugar en Dereito.

O Título IV da presente Lei aporta o réxime xurídico dun órgano interadministrativo de cooperación e colaboración, creado *ex novo*: a Comisión Galega de Cooperación Provincial. O devandito órgano, de composición paritaria, configúrase como instancia de consulta preceptiva en materias que interesen á coordinación das

actividades das Deputacións Provinciais por parte da Comunidade Autónoma e á cooperación entrámbalas dúas Administracións, debendo emitir informe así mesmo sobre os acordos da Comisión Mixta encargada do traspaso de medios e servicios.

En Dereito transitorio establécese que as Deputacións Provinciais seguirán a exercer as competencias que lles outorga a lexislación sectorial vixente en tanto non entre en vigor a futura lexislación sectorial autonómica. O devandito exercicio competencial enténdese que se vai realizar no marco da coordinación prevista na presente Lei.

4

É razoable pensar que a presente normativa poida cumprir a curto prazo o seu obxectivo fundamental: a urxente coordinación da actividade das Deputacións Provinciais co interese xeral de Galicia e maila fixación das bases para unha delimitación de competencias entrámbalas dúas Administracións. Cómpre unha dinámica de funcionamento coordinado e harmonizado entre as Administracións Provinciais e a Autonómica galega para posibilitar unha futura organización administrativo-territorial axeitada ás necesidades do país e unha praxe administrativa áxil, eficaz e realmente achegada ó cidadán.

Coa presente Lei, Galicia completa outro dos pasos fundamentais cara á definitiva institucionalización do seu autogoberno e senta un novo alicerce no vieiro da súa viabilización socio-política.

De acordo co previsto no artigo 13.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e 24 da Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente, sanciono e promulgo, no nome de El-Rei, a Lei sobre delimitación e coordinación das competencias das Deputacións Provinciais de Galicia.

Título preliminar

Disposicións xerais

Artigo 1

Constitúe o obxecto da presente Lei regula-las relacións entre a Comunidade Autónoma de Galicia e as Deputacións Provinciais do seu territorio, así como establece-lo marco para a delimitación de competencias entrámbalas dúas Administracións de acordo co disposto no Estatuto de Autonomía de Galicia e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 2

A Administración da Comunidade Autónoma e mailas Deputacións Provinciais do seu territorio axustarán as súas relacións recíprocas ós principios de eficacia, economía, coordinación, colaboración e respecto ós ámbitos competenciais respectivos.

Título I

Delimitación de competencias

Artigo 3

1. Son competencias propias das Deputacións Provinciais as establecidas conforme ó disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e en todo caso as seguintes:

a) A coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e adecuada á que se refire o apartado a) do número 2 do artigo 31 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

b) A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós Concellos, especialmente ós de menor capacidade económica e de xestión.

c) A prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, se é o caso, supracomarcal.

d) En xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

2. No exercicio das competencias que lle corresponden á Comunidade Autónoma e en desenvolvemento da Lei 7/1985, do 2 de abril, as Leis de Galicia reguladoras dos distintos sectores da acción pública delimitarán como competencias propias das Deputacións as que se consideren indispensables para a xestión dos intereses provinciais.

Artigo 4

1. Correspóndenlle á Comunidade Autónoma tódalas competencias que lle recoñecen a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

2. As Leis de Galicia reguladoras dos distintos sectores de acción pública delimitarán o campo de actuación das Deputacións Provinciais, e aseguraránlle-lo dereito de intervir en cantos asuntos afecten directamente ó seu círculo de intereses.

Artigo 5

1. As Leis de Galicia que regulen os diferentes sectores da acción pública preverán o correspondente traspaso dos medios e dos servizos persoais, técnicos e financeiros a través da constitución dunha Comisión Mixta. A devandita Comisión, paritaria na súa composición, adoptará os seus acordos por unanimidade. De non se acadar esta, a Xunta de Galicia formularalle a correspondente proposta, á que se xuntarán as discrepancias formuladas na Comisión, ó Parlamento, que determinará os servizos e medios obxecto de traspaso e a súa valoración.

2. A Xunta de Galicia aprobará os correspondentes Decretos de traspaso, de conformidade co acordo da Comisión ou, se é o caso, coa decisión do Parlamento.

Título II

Fórmulas de coordinación

Capítulo I

Directrices de coordinación

Artigo 6

Sen prexuício da autonomía das Deputacións Provinciais para o exercicio das súas funcións propias, e dentro dos límites e das condicións establecidos polo Estatuto de Autonomía de Galicia e pola Lei 7/1985, do 2 de abril, a Xunta de Galicia fixará, logo de consulta coas Deputacións Provinciais, as directrices que presidan a coordinación de competencias en cada sector da acción pública, en cuestións de interese xeral para a Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 7

1. O Consello da Xunta de Galicia é o órgano competente para o exercicio da coordinación prevista na presente Lei.

2. No marco do Estatuto de Autonomía e da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, as facultades de coordinación exerceranse a través da fixación, por Decreto da Xunta, das oportunas directrices, que se elaborarán con fundamento nas previsións que subministren as Deputacións Provinciais.

3. As directrices de coordinación publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* antes do 1 de outu-

bro do exercicio anterior ó do ano de aplicación, e poderanse establecer con carácter indefinido ou por períodos comprensivos alomenos de un exercicio económico.

4. As devanditas directrices serán de obrigado cumprimento para a Administración Autonómica e mailas Deputacións, e terán que comprende-los criterios xerais, os obxectivos e prioridades, as bases de actuación e, se é o caso, os instrumentos axeitados á natureza da función interesada.

5. Os Decretos que aproben as directrices de coordinación poderánlles atribuí-lo exercicio das facultades delas derivadas ós distintos órganos da Administración da Xunta de Galicia.

6. Para asegura-lo debido cumprimento das directrices de coordinación, a Xunta de Galicia poderá solicitar das Deputacións Provinciais a información que coide necesaria e poderá efectua-las comprobacións que considere oportunas.

Capítulo II

Coordinación dos plans provinciais das Deputacións e dos programas de cooperación económica

Artigo 8

1. A Xunta de Galicia asegura no seu territorio a coordinación dos Plans provinciais de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal.

2. A devandita coordinación será realizada, no marco do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, por Decreto da Xunta de Galicia naquelas cuestións de interese xeral para a Comunidade Autónoma, mediante a definición de obxectivos e a determinación das prioridades que deben ter en conta as Deputacións Provinciais na elaboración e na aprobación dos seus Plans respectivos.

3. Na fixación dos obxectivos e das prioridades a que se refire o apartado anterior participarán as Deputacións de Galicia.

4. A Xunta de Galicia daralle conta anual ó Parlamento de Galicia da aprobación, contido, resultados e grao de cumprimento e aplicación dos obxectivos e das prioridades a que se refire o apartado 2.

Artigo 9

Os Plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal poderán incluí-los gastos de investimento en servizos de carácter supramunicipal. O mantemento dos mesmos poderalles corresponder ós Concellos, ás Deputacións Provinciais e á Xunta de Galicia na proporción que se determine.

Artigo 10

Dos programas de cooperación económica das Deputacións Provinciais en servizos non obrigatorios terá coñecemento previo o Consello da Xunta de Galicia para

unha axeitada coordinación dos investimentos públicos no territorio da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, a Xunta de Galicia coordinará coas Deputacións Provinciais os programas, axudas e subvencións dirixidos ó establecemento e á mellora doutros servizos de competencia municipal non obrigatorios.

Capítulo III

Subvencións e convenios

Artigo 11

A Xunta de Galicia poderá acordalo outorgamento ás Deputacións Provinciais de subvencións con cargo ós Presupostos da Comunidade Autónoma, con suxección a criterios determinados e a condicións para a súa utilización e emprego.

Artigo 12

A Xunta de Galicia e as Deputacións Provinciais poderán asinar convenios de colaboración para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia.

Capítulo IV

Unión presupostaria

Artigo 13

1. En aplicación da Disposición Adicional terceira do Estatuto de Autonomía, os Presupostos elaborados e aprobados polas Deputacións Provinciais uníranse ós Presupostos Xerais da Comunidade

Autónoma, para os efectos da coordinación prevista na presente Lei.

2. Para os efectos previstos no apartado anterior, a tramitación dos Presupostos das Deputacións Provinciais deberá ter en conta os prazos previstos no artigo 37 da Lei de Galicia 3/1984, do 3 de abril.

3. O incumprimento por parte das Deputacións Provinciais dos prazos establecidos no apartado anterior non afectará á normal tramitación dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma. O control do cumprimento das directrices de coordinación emanadas do Consello da Xunta exercerase, en todo caso, sen prexuício das consecuencias que puidesen derivarse daquel incumprimento e da súa non presentación ó Parlamento unidos ós Presupostos da Comunidade Autónoma.

Artigo 14

1. As Deputacións Provinciais, antes da aprobación dos seus Presupostos, poñerán en coñecemento da Xunta de Galicia os correspondentes proxectos. No prazo de quince días a Xunta de Galicia poderalles opoñer reparos a aquelas previsións presupostarias que supoñan infracción das directrices de coordinación.

2. Decorrido o prazo establecido no parágrafo anterior sen se produciren reparos ou observacións, entenderase desde logo que a Xunta non aprecia infracción das directrices de coordinación.

3. De se produciren reparos, nos termos do presente artigo, poñeranse de manifesto perante as Deputacións interesadas para que sexan tidos en conta na aprobación dos seus proxectos presupostarios.

Título III

Facultades de control

Artigo 15

1. Sen prexuício do control de legalidade que lle compete á Administración da Comunidade Autónoma a través da súa facultade de impugnación xurisdiccional dos actos e dos acordos das Deputacións Provinciais e mais das outras facultades que lle veñan atribuídas ó abeiro da lexislación vixente, o Consello da Xunta, no suposto de que entendese incumplidas por parte dalgunha Deputación Provincial as previsións establecidas nos instrumentos de coordinación ou algunha disposición da presente Lei, poderá adoptar algunha das seguintes medidas:

a) Solicitar en calquera momento información sobre a xestión do servizo, enviar comisionados e formula-los recordatorios pertinentes para a reparación das deficiencias observadas.

b) Propoñerlle ó Parlamento de Galicia a suspensión das subvencións ou das asignacións que, procedentes de recursos propios da Comunidade Autónoma, previstos nos Presupostos Xerais, estean

destinadas a financiar actividades das Deputacións Provinciais, cando entenda que estas incumpriron as directrices de coordinación.

c) Requirir ó Presidente da Deputación de que se trate, cando advirta que se cometeron as devanditas infraccións, para que respete as directrices de coordinación, indicando as rectificacións ou reparacións que procedan e sinalando un prazo para o seu cumprimento.

2. Decorrido o prazo e cumpridos os requisitos establecidos no parágrafo anterior, e no suposto de incumprimento por parte dalgunha Deputación de obrigas legais, a Xunta de Galicia procederá a adoptar as medidas necesarias para o cumprimento da obriga a custa ou en substitución da Deputación incumpridora.

Título IV

Comisión Galega de Cooperación Provincial

Artigo 16

A Comisión Galega de Cooperación Provincial é o órgano permanente de coordinación e colaboración, así como de deliberación e acordo, entre a Administración Autonómica e as Deputacións Provinciais de Galicia.

Artigo 17

1. A Comisión Galega de Cooperación Provincial estará composta polos Presidentes das Deputacións

Provinciais e por igual número de representantes da Administración Autonómica, nomeados polo Consello da Xunta de Galicia.

2. A Comisión Galega de Cooperación Provincial será presidida polo Presidente da Xunta. O Vicepresidente será un representante das Deputacións Provinciais.

Artigo 18

A Comisión Galega de Cooperación Provincial elaborará o seu Regulamento de organización e funcionamento e elevarallo, para a súa aprobación, ó Consello da Xunta de Galicia.

Artigo 19

1. Son funcións da Comisión Galega de Cooperación Provincial:

a) Emitir informe, cando a Xunta o solicite, sobre os proxectos de Decretos reguladores dos distintos sectores de acción pública que atingan ó ámbito competencial da Administración Provincial.

b) Coñecer e emitir informe sobre os proxectos de Plans provinciais de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal, para os efectos da coordinación establecida na presente Lei.

c) O seguimento da execución dos Plans provinciais de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal.

d) Emitir informe sobre a cooperación económica das Deputacións Provinciais no tocante ós

programas e servizos municipais non obrigatorios.

e) Emitir informe sobre as directrices de coordinación previstas nos artigos 3 e 12 da presente Lei.

f) Propoñer e emitir informe sobre os convenios ou outras fórmulas de colaboración interadministrativa que poidan subscribirse entre a Comunidade Autónoma e as Deputacións Provinciais.

g) Coñecer e emitir informe sobre os acordos da Comisión Mixta prevista na Disposición Transitoria primeira da presente Lei.

2. A Comisión Galega de Cooperación Provincial adoptará os seus acordos por unanimidade. A falta de acordo sobre os puntos ós que se refire o apartado anterior non impedirá o exercicio das competencias que teñan atribuídas a Xunta de Galicia e as Deputacións Provinciais.

Disposición transitoria primeira

De acordo co disposto na Disposición Transitoria segunda da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e en tanto non entren en vigor as Leis que regulan os diferentes sectores de acción pública que no exercicio das súas competencias dicte a Comunidade Autónoma, as Deputacións Provinciais continuarán exercendo as competencias que a lexislación sectorial vixente lles outorga, sen prexuício da aplicación por parte da Xunta de Galicia dos mecanismos de coordinación previstos na presente Lei.

Disposición transitoria segunda

1. A Comisión Galega de Cooperación Provincial constituirase no prazo máximo de dous meses, contados a partir da entrada en vigor da presente Lei.

2. A Comisión, dentro dos trinta días seguintes á súa constitución, elaborará o Regulamento ó que se refire o artigo 18 da presente Lei.

Disposición adicional

No suposto do traspaso de medios e servizos ó que se refire o artigo 5 da presente Lei, os correspondentes recursos financeiros fixaranse de acordo cos custos directos e indirectos do servizo transferido e cos gastos de investimento real e mantemento necesarios para o funcionamento e normal desenvolvemento do correspondente servizo. Estableceranse, así mesmo, os mecanismos ou criterios de actualización automática dos devanditos recursos financeiros.

Disposición derradeira

A presente Lei entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 1989

Fernando Ignacio González Laxe
Presidente